



A PESTE

Resumo en lectura
fácil da obra de teatro



Cándizo Pazó
é o escritor e o director desta obra



Índice

Que é este documento?.....	páxina 4
O Centro Dramático Galego.....	páxina 4
A obra de teatro A peste	páxina 5
As actrices e os actores.....	páxina 6
Que nos conta esta obra de teatro?.....	páxina 8
Quen son as personaxes da obra de teatro?.....	páxina 9
Como é o escenario?.....	páxina 12
Canto tempo dura esta obra de teatro?.....	páxina 13

Que é este documento?

Este documento é o programa de man dunha obra de teatro.

Un programa de man dunha obra de teatro é un documento que recolle información sobre esa obra por exemplo, o nome das personaxes ou o tema da obra de teatro.

O título desta obra de teatro é **A peste**.

O Centro Dramático Galego

O Centro Dramático Galego organiza a obra de teatro **A peste**.

O Centro Dramático Galego é unha compañía de teatro.

As compañías de teatro son un grupo de persoas que fan obras de teatro.

O Centro Dramático Galego fai obras de teatro en galego.

O Centro Dramático Galego é da Xunta de Galicia e comezou a traballar no ano 1984.

Está no Salón Teatro.

O Salón Teatro está na Rúa Nova en Santiago de Compostela.

O Centro Dramático Galego organiza:

- Obras de teatro de escritoras e escritores galegos.
- Obras de teatro de escritoras e escritores importantes de todos os países.
- Obras de teatro para nenas e nenos.

O Centro Dramático Galego quere que todas as persoas poidan ir ao teatro.

Tamén quere que as persoas coñezan os profesionais que traballan nas obras de teatro.

A obra de teatro A peste

O título desta obra é **A peste**.

A obra de teatro está baseada no libro A peste do escritor Albert Camus. Albert Camus publicou o libro A peste no ano 1947.

A obra de teatro A peste explica que as persoas teñen comportamentos diferentes ante situacións difíciles. Algunhas persoas só se preocupan por elas mesmas. Outras persoas preocúpanse por todas as persoas e axudan a todo o mundo sen esperar nada a cambio.

A obra de teatro A peste tamén fala de que as persoas que axudan a outras persoas fan unha sociedade mellor porque as persoas son máis importantes que as ideas relixiosas ou as ideas políticas.

Cándido Pazó é o escritor e o director desta obra de teatro.



Cándido Pazó

As actrices e os actores



**EVARISTO
CALVO**



**CÉSAR
CAMBEIRO**



**NACHO
CASTAÑO**



**XURXO
CORTÁZAR**



**SALVADOR
DEL RÍO**



**CASILDA
G. ALFARO**



**PAKU
GRANXA**



**LUÍS
IGLESIA B.**



**MIQUEL
ÍNSUA**



**STONE
MARTÍNEZ**



**REBECA
MONTERO**



**MARCOS
ORSI**



**MARÍA
ROJA**



**SANTI
ROMAY**



**CARLOS
SANTE**

Que nos conta esta obra de teatro?

A obra de teatro **A peste** conta a historia dunha cidade francesa que sofre unha epidemia de peste.

A peste é unha enfermidade contaxiosa que mata moitas persoas.

Ao principio da historia as ratas contaxian a peste ás persoas. Despois as persoas contaxian outras persoas.

Como enferman moitas persoas os gobernantes mandan pechar a cidade. As persoas que viven na cidade non poden saír dela.

As persoas que viven na cidade teñen que adaptarse a esta situación.

O doutor Rieux atende e coida as persoas que enferman de peste. Algunhas persoas organízanse tamén para coidar as persoas enfermas.

Quen son as personaxes da obra de teatro?



Doutor Rieux
Atende e coida
os enfermos de peste.



Grand
Traballador do Concello da cidade.
Axuda o doutor Rieux.



Padre Paneloux
É o cura da cidade.



Cottard
Persoa que intenta suicidarse.
Escóndese da policía.



Prefecto
É o gobernador da cidade.



Nai do doutor Rieux

Vive co doutor Rieux durante a epidemia.



Señora Michel

Porteira do edificio onde vive o doutor Rieux.



Tarrou

Amigo do doutor Rieux. Organiza persoas voluntarias para coidar os enfermos de peste.



Doutor Castel

Investiga un medicamento para curar a peste.




Limpabotas

Axuda as persoas a escapar da cidade de forma ilegal. Cobra ás persoas por esa axuda.



Mestra

A mestra conta as cousas que pasan na historia.



Doutor Richard

Non quere contar á xente que hai unha epidemia de peste.




Taberneira

Queda pechada na cidade separada da súa parella.



Rambert

É un periodista que quere escapar da cidade para estar coa súa parella.



Persoa cega

A persoa cega conta as cousas que pasan na historia.


Como é o escenario?

O escenario da obra de teatro é unha cidade.

O escenario son os edificios e as rúas da cidade.

O escenario non cambia
pero as partes do escenario
son diferentes lugares durante a obra.

Por exemplo a rúa
é un estadio de fútbol
noutro momento da obra.



Canto tempo dura esta obra de teatro?

Esta obra de teatro dura dúas horas e media.

A obra de teatro ten dúas partes.

Despois da primeira parte
hai 10 minutos de descanso.







Adaptación á lectura fácil:

Texto redactado segundo as pautas de lectura fácil de Inclusion Europe e a norma UNE 153101 EX por FADEMGA Plena inclusión Galicia.

Adaptación realizada por FADEMGA Plena Inclusión Galicia. Programa de Cidadanía Activa e Accesibilidade cognitiva subvencionado pola Xunta de Galicia (Programas IRPF)



Validación:

FADEMGA Plena inclusión Galicia

Logotipo europeo de lectura fácil na portada

© Inclusion Europe

Máis información en www.inclusion-europe.org/etr



DESCARGA O PROGRAMA
EN LECTURA FÁCIL

